



## CURSOS MONOGRÁFICOS DE VERÁN. XULLO 2016 ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS DE VIGO

Convócanse os seguintes cursos monográficos que terán lugar nas aulas e talleres da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo no mes de xullo de 2016:

### **Aula de Debuxo artístico: “Debuxar o corpo espido”**

**Impartido por** Federico Fernández, mestre da especialidade na EMAO

**Destinatarios:** Ex-alumnos/as da EMAO das especialidades de Pintura e Debuxo.

**Programa:**

- A proporción e o encaixado. Toma de medidas
- Representación da figura a través de unha estrutura sinxela. Equilibrio e ritmo na figura humana. Fondo e figura.
- A mancha o claroescuro a partir de modelo espido: Representación do volumen por contraste do claroescuro, tendo en conta a posición de luces e sombras.
- Realización de apuntes de movemento. Captación e xestión da información visual. Retentiva. O boceto e o apunte do natural.

**Material a aportar polo alumnado:** Lápis de carbón, barra de grafito, barras de carbón papeis de debuxo diversos, goma de pan, chinchetas, rotuladores acrílicos de diversos grosos.

### **Aula de Pintura: “O libro de artista”**

**Impartido por** Paula Mariño, mestra da especialidade na EMAO

**Destinatarios:** Ex-alumnos/as da EMAO das especialidades de Pintura e Debuxo.

**Programa:**

Introducción: Qué é un Libro de artista?/ Historia do Libro de Artista/ Como fabricalo?/Traballos recentes  
Tipoloxía dos libros intervidos

Prácticas de elaboración do Libro persoal. Traballo en grupo e individual.

**Material a aportar polo alumnado:** dependendo da elección de libro que faga

### **Aula de Deseño e encaixe de palillos: “Iniciación ao encaixe ruso”**

**Impartido por** Marian Núñez, mestra da especialidade na EMAO

**Destinatarios:** Ex-alumnos/as de Encaixe de Palillos na EMAO

**Programa:**

- Deseñar os distintos equipos para a correcta execución da cinta.
- Axustar a escala do deseño.
- Adecuar o material (liño, seda, algodón) á escala de traballo.
- Obter distintas cintas para desenvolver nun deseño específico de encaixe ruso.

**Material a aportar polo alumnado:** Almofada plana circular /Palillos mallorquins /Diferentes fíos /Alfinetes /Ganchillos (e demais utensilios para realizar o traballo)

### **Taller de Cerámica artística: “A cerámica e o audiovisual”**

**Impartido por** Miguel Vázquez, mestre da especialidade na EMAO

**Destinatarios:** Aberto, non se necesitan coñecementos previos de cerámica

**Programa:**

- Distinguir os distintos xéneros da produción audiovisual sobre cerámica.
- Elaborar fichas técnicas das distintas propostas audiovisuais.
- Acostumarse a utilizar o audiovisual como método de coñecemento sobre cerámica

**Material a aportar polo alumnado:** Non hai material



## Taller de Serigrafía artística: “Introducción á serigrafía artística”

**Impartido por** Alba Pardo, mestra da especialidade na EMAO

**Destinatarios:** Aberto, non se necesitan coñecementos previos de serigrafía

**Programa:**

- Equipo e materiais
- Preparación de pantallas
- Limpeza, emulsionado, insolado e secado
- O rexistro
- A impresión
- Cómo montar un pequeno obradoiro serigráfico caseiro

**Material a aportar polo alumnado:** Rotulador opacador para serigrafía, cinta adhesiva, papel para estampar, acetatos A4.

## Talleres de Ourivaría e Artesanía en coiro: “Creación de fornituras e accesorios en Coiro e Metal”

**Impartido por** Sandra de Jesús e Pepe Pereira, mestres das especialidades na EMAO

**Destinatarios:** Ex alumnos/as da EMAO das dúas especialidades, ou externos con coñecementos básicos demostrables.

**Programa:**

- Introducción os materiais e técnicas a empregar.
- Seguetado, conformado e acabado de pezas en coiro e metal.
- Fixación de elementos de suxeición na peza decorativa.
- Aplicación de complementos decorativos mixtos con técnicas de decoración e estampación.
- Completar sistemas de peche e suxeición.

**Material a aportar polo alumnado:** Ferramenta básica de man que poidan aportar segundo a súa especialidade (alicates, seguetas, tesoiras, coitelas, burís.....)

## Taller de Encadernación: “Carpets e caixas contedoras de obra gráfica”

**Impartido por** Pablo Otero, mestre da especialidade na EMAO

**Destinatarios:** Aberto

**Programa:**

- Diferentes métodos de conservación gráfica:
  - Carpets (Obra gráfica sen volume: debuxo, acuarela, fotografía, serigrafía)
  - Caixas para gravados que protexan o volume, o gofrado e o matérico
- Elementos a elaborar:
  - Carpets de tapa dura con solapas, con peto e fol
  - Caixas con tapa independente, de dobre bandeixa e con boca de peixe

**Material a aportar polo alumnado:** -Agullas -Dedal -Retal de tea -Tesoiras -Xiz

## Taller de Talla e escultura en madeira: “Gravado en relevo madeira -xilografía II”

**Impartido por** Rosa García, mestra da especialidade na EMAO

**Destinatarios:** Persoas que teñan coñecementos previos demostrables de gravado en madeira. Terán preferencia as que realizaron o curso na EMAO “Gravado en relevo madeira -Xilografía I”.

**Programa:**

- Procesos de creación do gravado en relevo, cunha soa plancha: plancha a fondo perdido.
- Técnicas aditivas: O collagraph e Carborundum
- Técnicas mixtas

**Material a aportar polo alumnado:** Planchas de linóleo, madeira e papeis de gravado

## Taller de Construcción de Zanfonas: “Técnica de calado. Corte con segueta de marquetería”

**Impartido por** Xaime Rivas, mestre da especialidade na EMAO

**Destinatarios:** Aberto

**Programa:**

- Habilidades e competencias necesarias para efectuar corte con segueta de marquetería con calidade. Prácticas con cortes en liña con serra de corte frontal, cortes en curva con serra de corte frontal, cortes con serra de corte redondo.
- Construcción dun obxeto concreto suxerido polo alumno/a ou polo mestre.

**Material a aportar polo alumnado:** Taboleiro de marquetería para as prácticas. Taboleiro con deseño impreso para a construción do obxeto concreto. Arco de marquetería grande.

## Taller de Construcción de gaitas: “Iniciación á construción de palletas”

**Impartido por** Carlos Corral, mestre da especialidade na EMAO

**Destinatarios:** Antigos alumnos/as de IMPG ou CAIM da EMAO, profesores/as de gaita e gaiteiros/as. (indicarse no correo de inscrición)

**Programa:**

- Corte e desbastado de cana
- Calibrado da cana e preparación segundo tonalidade
- Confección do tudel
- Preatado e atado
- Desvaste das palletas
- Rematado e afinación
- Confección de pallóns

**Material a aportar polo alumnado:** Navalla, calibre (pé de rei)

## CONDICIÓN COMÚNS A TÓDOLOS CURSOS

**Duración** curso: 30 horas

**Datas:** laborables do 4 ao 15 de xullo en horario de 10:00 a 13:00 horas

**Prazas limitadas:** 15 por curso, agás Zanfona e Gaita que será de 10

### Inscrición:

Gratuita. Mediante envío de correo electrónico ao enderezo [emao@vigo.org](mailto:emao@vigo.org), cos seguintes datos (imprescindibles)

- Asunto: [nome do curso]
- Nome e apelidos do/a solicitante:
- DNI:
- Anos nos que cursou estudos da especialidade na EMAO: [no caso en que sexa condición telos cursado para acceder ao monográfico seleccionado]

### Admisión de solicitudes:

- Só se admiten persoas maiores de 16 anos.
- Só serán válidas as solicitudes que cumpran as condicións indicadas nesta convocatoria para cada curso monográfico en concreto
- A inscrición farase por estricta orde de recepción do correo electrónico de solicitude ata cubrir o máximo de prazas ofertadas.
- A confirmación da matrícula realizaráa a EMAO exclusivamente por correo electrónico. No caso de producírense vacantes no primeiro día do curso, convocarase aos reservas

RO/